



# Actos no 20 aniversario d'A Pipa

Entra nos sitios que abrimos na rede:

[www.apipadebecerra.com](http://www.apipadebecerra.com)

Aquí atoparás imaxes e documentos da meirande parte dos actos que a nosa Asociación Cultural vén realizando desde hai 20 anos.

[www.apipadebecerra.blogspot.com](http://www.apipadebecerra.blogspot.com)

Aquí atoparás as **NOVIDADES** e poderás introducir os teus comentarios.

Sábado, 20 de decembro de 2008:

Reunión do Xurado do 17 CERTAME LITERARIO A PIPA 08 DA ALTA MONTAÑA LUGUESA. Coordinado por Alicia Chao, Marta de Sinllán, Amparo Becerra, Xavier Fernández e Rafa Ramos.

Sábado, 27 de decembro de 2008, ás 21 h., na Casa da Cultura de Becerreá:

21 h. Cerimonia de Entrega de Premios do 17 CERTAME LITERARIO

A PIPA 08 DA ALTA MONTAÑA LUGUESA. Presentada por Rafa Ramos, Alicia Chao e Amparo Becerra. Entregan os premios: María Xosé Queizán (escritora), Antón Bao (Vicepresidente da Deputación de Lugo), Branca Rodríguez (Delegada da Consellería de Vicepresidencia en Lugo) e Claudio Vázquez (Concelleiro de Cultura de Becerreá).

21,20 h. XVII NOITE POÉTICA A PIPA 08 CON MARÍA XOSÉ QUEIZÁN. Conversa-entrevista, a cargo de Marta de Sinllán e Alfonso Becerra.

21,50 h. TEATRO: *NEURAS* de M.X. Queizán. Dirección de Alfonso Becerra. Interpretación: Laura Cuervo e Vitoria Pérez.

22,20 h. RECITAL a cargo de M.X. Queizán.

22,40 h. CÓCTEL para todas e todos.

Domingo, 28 de decembro de 2008 ás 19 h., na Casa da Cultura de Becerreá:

19 h. XVII NOITE POÉTICA A PIPA 08 CON MANUEL RIVAS.

Conversa-entrevista, a cargo de Marta de Sinllán e Alfonso Becerra.

19,40 h. TEATRO: *O HEROE* de Manuel Rivas. Dirección de Alfonso Becerra. Interpretación: Laura Cuervo e Alberte Bello.

20 h. RECITAL de Manuel Rivas.


20,30 h. CÓCTEL para todas e todos.

**XVI noite poética**  
**A Pipa 08 con**  
**María Xosé Queizán**

**Casa da Cultura de Becerreá**

**27/12/08 ás 21 h.**

O noso agradecemento ao  
fotógrafo Paco Vilabarro



# XVI Noite Poética 2008 con María Xosé Queizán e 20 aniversario d'A Pipa

Casa da Cultura de Becerreá, sábado 27 de decembro de 2008 ás 21 horas

En setembro de 1988 uns cativos xuntábanonos para facer unha revista cultural, á que lle puxemos o nome de "A Pipa", inspirados por unha canción da nosa escritora Helena Villar Janeiro. A quen homenaxeamos na III Noite Poética, que se celebrou o 26 de xullo de 1998, cando se cumprían 10 anos daquela primeira iniciativa. A I Noite Poética fora inaugurada por Uxío Novoneyra, o 28 de decembro de 1996.

A II Noite Poética protagonizáaa Manuel María, o 28 de decembro de 1997 e así deica á XVII Noite Poética con Manuel Rivas, que celebraremos o 28 de decembro de 2008, foron pasando polo escenario d'A Pipa: María do Carme Kruckenberg, Chus Pato, Marica Campo, Xesús Rábade Paredes, María do Cebreiro, Cristal Méndez, Bernardino Graña, Daño Xohán Cabana, Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas, e Manuel Lourenzo.

Neste 2008 a nosa Asociación Cultural cumpre 20 anos de actividade ininterrompida: a revista "A Pipa" da que se publicaron 26 números, desde o ano 1988 ata o 1995; o Certame Literario A Pipa da Alta Montaña Luguesa, que vai pola súa 17 edición; espectáculos teatrais; e as Noites Poéticas.

O 28 de decembro de 1998, hai 10 anos, celebrámos a IV Noite Poética con MARÍA XOSÉ QUEIZÁN, na que escenificamos unha escena da súa *Antígona* coa colaboración da actriz Laura Cuervo. Desde aquela, Laura Cuervo interveu en tódolos espectáculos que dirixín para as Noites Poéticas e sempre foi un pracer persoal e profesional traballar con ela. E María Xosé Queizán, por eses misterios que ten a vida, converteuse nunha das miñas amizades máis íntimas. Ademais de intervir na súa Noite Poética, hai 10 anos, María Xosé acompañounos no 2003, cando veu a Becerreá Cristal Méndez, e no 2004 sumouse á homenaxe que lle fixemos a Manuel María. Así que, nestas datas tan especiais do 20 aniversario d'A Pipa, queremos volver a contar coa presenza non só dunha amiga importante, senón dunha das escritoras máis polidécricas e influíntes da Literatura Galega. María Xosé Queizán saca a súa primeira novela nos anos 60 do século pasado, e desde entón non para de publicar: ensaio, poesía, literatura dramática, relatos, novela, artigos xornalísticos, etc. É a nai do feminismo racionalista galego. Dirixe unha revista, "A Festa da Palabra

Silenciada", que foi a responsable da promoción da meirande parte das poetas galegas actuais. Algunhas das últimas novidades editoriais da súa autoría son o ensaio *Antinatura* (Xerais, 2008), o volume de literatura dramática *Antígona. A Cartuxeira. Cólera* (Galaxia, 2008), no que toca os tres xéneros teatrais: traxedia, dama e comedia, e o libro de poesía *Cólera* (Xerais, 2007).

Así que este 28 de decembro de 2008 dedicármollos a ela, e celebráremos os 10 anos da nosa amizade e os 20 d'A Pipa. A arte da palabra, en toda a súa dimensión literaria e política, alumeará para nós e serviranos, sen dúbida, non só para entreternos, senón para seguir crecendo xuntos. Porque crecer é signo de xuventude. A cultura ten que ver co cultivo do ser humano, coa evolución do pensamento. O pensamento, para ser, precisa da palabra. E nese camiño de humanización continua, que tanta falta nos fai transitar, as artes e a cultura cumpren unha función esencial. Desde as humildes posibilidades da nosa Asociación Cultural A Pipa queremos contribuír a esa finalidade.

Alfonso Becerra de Becerreá.

**XVII noite poética**  
**A Pipa 08 con**  
**Manuel Rivas**

**Casa da Cultura de Becerreá**

**28/12/08 ás 19 h.**



# XVII Noite Poética A Pipa 2008 con Manuel Rivas

Casa da Cultura de Becerreá, domingo 28 de decembro de 2008 ás 19 horas

“Está arriba, na galería, escoitando os merlos”  
Primeira frase do libro *O lapis do carpinteiro*.

“Soño coa primeira cereixa do verán”  
Primeira frase do libro *Que me queres, amor?*

Estaba arriba, na escaleira, roubándolle horas ao seu sono de neno, escoitando clandestinamente as historias que contaban os maiores ao redor do lume.

Así podería comezar un dos relatos de Manuel Rivas, ese neno do 57 que nace nunha rúa da Marola, no barrio coruñés de Monte Alto; o neno que desafiaba coas súas brincadelas as ondas do Atlántico, á beira da Torre de Hércules e do cemiterio de San Amaro, ese neno que aprendeu o oficio dos que escribían metáforas literarias no aire.

A nai leiteira, o pai, músico e albanel, o padriño, viaxante de especias, o tío, barboeiro, os avós, labre-

gos, o carpinteiro, a costureira... Todos eran o nobelo co que o neno tecía soños. Axiña, con só 15 anos, había de coller o lapis do avó e comezar a carpenta das palabras. Primeiro foi co xornalismo, en El Ideal Gallego. *El periodismo es un cuento* escribía máis tarde, pero fixo del unha profesión e un modo de vida ao que lle soubo restituír parte do prestixio ido.

*Premio da Crítica en Galicia, da Crítica Española, Torrente Ballester, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio 50 aniversario da sección belga de Amnistía Internacional, da ONCE Galicia á Solidariedade, os xornalísticos Puro Cora, Xoán Fernández Latorre ou Xulio Camba, o Premio Nacional de Literatura...* Ese é parte do monllo de galardóns que avalan unha obra inxente en cantidade, pero sobre todo, en calidade, e na que o noso convidado probou todos os xéneros: a poesía, o ensaio histórico, a novela, a crónica xor-

nalística, as formas da literatura popular, o teatro... nese gusto por unha lingua que sabe a salitre e a silveira, a millo maduro e a cereixa recién collida da árboire.

Rivas escribe *A corpo aberto*, como reza o título do seu último traballo. As súas letras foron traducidas do galego a máis de vinte idiomas e publicadas polas máis prestixiosas editoras do mundo.

A súa literatura é reflexión histórica, unha mirada xenuína sobre un “pobo da noite” ao que el botou luz, un antidoto contra o mal, un bálsamo contra o esquecemento, unha voz capaz de apreixar inquedanzas e compromisos universais.

*Que me queres, amor?*, digo, *Que me queres, lector?*, que tes este programa entre mans, se seguro que ti, coma min, tamén soñas coa súa primeira palabra que acenderá a maxia desta noite poética.

Marta de Sillán

# TEATRO

**NEURAS** de M. X. Queizán

Casa da Cultura de Becerreá, sábado


27 de decembro de 2008 ás 21 horas

**Dirección escénica:** Alfonso Becerra de Becerreá

**Interpretación:** Laura Cuervo (Sara, a psicóloga) e Vitoria Pérez (Eva, transexual).

Comedia urbana que aborda, sen complexos, os tópicos da neurose actual: a bulimia, a inhibición sexual do home fronte ao avance da muller emancipada, a orientación do desexo alén das marcas de xénero, a transexualidade, etc.

Nós aquí escollemos as escenas protagonizadas por Sara, a psicóloga, e Eva, unha súper muller, que antes foi home. O encontro entre as dúas serve para repensar a relación entre o corpo, feminino ou masculino, e o desexo que se desata poñendo en vango prexuízos e tabús. Así pois, agardamos que o espectáculo nós sirva para rir e para pensar.



**O HEROE** de Manuel Rivas

Casa da Cultura de Becerreá, domingo

28 de decembro de 2008 ás 19 horas

**Dirección escénica:** Alfonso Becerra de Becerreá

**Interpretación:** Laura Cuervo (Lucía) e Alberte Bello (Caronte).

O *Heroe* fálanos da resistencia fronte á tiranía. É un drama con vocación de traxedia. Os heroes cos que nace o teatro occidental, na Grecia clásica, eran os protagonistas de sagas míticas que servían de exemplo social, coa súa actitude fiel a uns principios éticos e cívicos, uns principios universais, patrimonio da especie humana. Pero, precisamente, a súa inflexibilidade nas convencións e nas actitudes derivadas abocáboas á traxedia. Porén, o *heroe* que compón Manuel Rivas pertence á clase traballadora, non é un aristócrata como a maior parte dos arquetipos trágicos. Así que o retrato sociolóxico e a conciencia de clase acabará por achegármolo á figu-

ra do anti-heroe. Caronte, ex lexionario, boxeador, e sobre todo home fondamente humano e sensible, ao igual que o personaxe de Lucía, son un retrato sociolóxico da clase humilde, pero tamén unha representación da complexidade e das contradicións humanas. Neste caso actúa o personaxe humanizado máis que o arquetipo endeusado, amosando esa flexibilidade e esa realidade tan propias do ser humano. Por iso a obra fica nos eidos do drama e se afasta dos altares da traxedia.

No aquí e agora do escenario presentámosvos a fermosa escena na que Lucía e Caronte se coñecen e inician unha relación. Nunha mestura de sinxeleza e sofisticación asistiremos a unha escena de lixe, de sedución, entre iguais. Manuel Rivas sábelle poñer verbas ao amor e sabe construír a cerimonia de aproximación entre os amantes con grande sutileza, non exenta dun certo ton lírico.

Alfonso Becerra de Becerreá.

# Asociación Cultural "A PIPA" de Becerreá

(CIF G-27181825)

Amparo Becerra Arrojo (Coordinadora de Actividades)

Marta de Sillán

Alicia Chao Penela

Xavier Fernández Fernández

Alberto Becerra Arrojo

Rafa Ramos

Afonso Becerra Arrojo

## Colaboran:

Laura Cuervo

Alberte Bello

Victoria Pérez

María Xosé Queizán

Manuel Rivas

Branca Rodríguez Pazos

Antón Bao

A Nosa Terra

A Asociación Cultural "A PIPA" de Becerreá inicia as stas actividades en setembro de 1988 coa Edición do primeiro número da revista cultural "A PIPA" de Becerreá, editada ata o número 27 do 1995. No Nadal 1988 organiza o 1º Certame Literario "A PIPA" da Alta Montaña Luguessa, que segue a convocarse anualmente.

# NOITES POÉTICAS "A PIPA"

1996 Uxío Novoneyra

1997 Manuel María

1998 Helena Villar Janeiro

1998 María Xosé Queizán

1999 María do Carme Kruckenberg

2000 Chus Pato

2000 María do Carme Kruckenberg

2001 Marica Campo

2002 Xesús Rábade Paredes

2002 María do Cebreiro

2003 Cristal Méndez Queizán

2004 Bernardino Graña

2005 Darío Xohán Cabana

2006 Anísia Miranda e Xosé Neira Vilas

2007 Manuel Lourenzo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA

E DEPORTE

Delegación Provincial en Lugo



XUNTA DE GALICIA

VIDERESIDENCIA DA IGUALDADE

E DO BENESTAR

Delegación Provincial en Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO

VICEPRESIDENCIA PRIMERA



Cultura



CONCELLO DE BECERREÁ